

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 9 de xuño de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día nove de xuño do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario Acctal., e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste a Ilma. Sra. Presidenta *Dna. M^a del Carmen Silva Rego*, nin a deputada *Dna. Noemí Outeda Proh*, xustificando as súas ausencias.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32720.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de xuño de 2023.

2.32721.- APROBACIÓN DAS “BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS A DEPORTISTAS RECOÑECIDOS COA CATEGORÍA DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO DAN E DEPO DAN+) E DEPORTISTA PROMESA (DEPO PROMESA) DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA EN 2023 (DE D/23)”. (Expte. 2023031747)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do servizo de Deportes establece as bases reguladoras para a concesión das axudas a deportistas recoñecidos coa categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista promesa (DEPO_PROMESA) da provincia de Pontevedra en 2023 na que se convoca o programa DE_D/23 “deportistas de alto nivel” e unha vez fiscalizadas favorablemente ditas bases pola Intervención con data 1 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras para a concesión das axudas a deportistas recoñecidos coa categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista promesa (DEPO_PROMESA) da provincia de Pontevedra en 2023, e que figuran co CSV: C5RF07PINJB8HAHT



3.32722.- CONCESIÓN DE “SUBVENCIONES DIRIXIDAS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS DE AMBITO ESTATAL PARA O ANO 2023 (DE B/23)”.
(Expte.2022069457)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 24 de xaneiro de 2023 aprobou as bases reguladoras de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito estatal para o ano 2023”, publicadas no BOPPO nº 24 de 3 de febreiro de 2023, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola Intervención de data 5 de xuño de 2023 e co seu informe favorable sobre existencia de consignación por un importe de 850.000,00 € e con cargo a aplicación orzamentaria 23/340.3410.489.20 do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a concesión a 91 clubs deportivos sen ánimo de lucro que participen en competicións federadas de ámbito estatal para o ano 2023 (programa DE_B/23) e que figuran nas relación que se achegan cos seguintes CSV:

Atletismo: CXEZFEJLMP0036CE	Fútbol sala: CTG4V58HRWVUWWFJ
Baloncesto: CMO3W3UFWPIWO4MM	Fútbol: CZ1W8TIFUV012D0C
Balonmán: C5LOMHEEWV497UK5	Judo: C94UYQ8SCQI5I926
Ciclismo: CB6GZ6ZCZV8HCC5Y	Outras modalidades: C3K2K1NTAQEXDRID
Tenis de mesa: CFPMBESQFQNDNQNZ	Voleibol: CXZA7D2V7QAP7AXJ

Excluindo deste programa un total de 9 solicitudes por renunciar a súa tramitación nesta convocatoria por presentar na convocatoria de ámbito inferior a estatal e ser incompatibles, e que se indican co seguinte CSV: CXMF12778HHLXSI4.

4.32723.- CONCESIÓN DE “SUBVENCIONES DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2023”.
(Expte. 2023001183)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 24 de xaneiro de 2023 aproba as bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola area de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe de 150.000,00 €, con cargo á aplicación 23/334.3340.462.04 do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a proposta de concesión de subvencións ás 34 solicitudes que figuran co CSV: GWG9RJXGXOZOKO3B, excluindo deste programa a solicitude do *Concello de Vilagarcía de Arousa* por non cumprir coa base oitava, Prazo de presentación de solicitudes, e que figuran co CSV: HT2HYA3VAWBR5U0.



5.32724.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE TRATAMENTO, IMPRESIÓN, PREGADO E ENSOBRADO DE CARTAS ORDINARIAS E NOTIFICACIÓNS XERADAS NA XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS POLO ORAL DA DEPUTACIÓN E A SÚA ENTREGA AO OPERADOR POSTAL (Expte.2023004124)

A Deputación de Pontevedra, a través do ORAL, exerce competencias delegadas de xestión, recadación e inspección dun total de 54 concellos, así como as derivadas de 32 acordos coas entidades locais en materia de prestación de servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico. Para poder levar a cabo estas funcións é preciso remitir ás persoas contribuíntes cartas e notificacións que conteñen distintos tipos de documentos (resolucións, recibos, liquidacións etc.)

Dado que para a prestación deste servizo requírese dispoñer de maquinaria específica así como dos recursos humanos suficientes, non dispoñendo esta Deputación na actualidade dos medios materiais nin persoais para levar a cabo este servizo, faise imprescindible licitar a contratación deste servizo cunha empresa externa suficientemente especializada e cualificada, que posibilite prestar o servizo coa maior eficacia posible.

Con este motivo, a Directora de xestión de servizos do ORAL, coa conformidade do deputado delegado en data 29/03/2023, informa da necesidade de contratar un servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL, así como a súa posterior entrega o operador postal.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Resultando que a Intervención emite documento de retención de crédito RC número de operación 202300069018 por importe de 39.100 €, con cargo a aplicación orzamentaria 2023/932.9320.227.06. Os importes correspondentes ás anualidade 2024 (58.651,44) e 2025 (19.550,48), quedarán condicionadas a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo

Na memoria xustificativa do contrato csv BA54XPN381LRN6DL o xefe do servizo de contratación, establece que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade -prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

Visto o informe emitido polo Sr. Secretario Xeral (csv LNAWIF0AJ6DEIH24), seguidamente trasládase o expediente de contratación a Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.



Resultando que con data 26/05/2023, a Xefa do Servizo de Xestión Orzamentaria e contabilidade, co Vº e Prace do Sr. Interventor emitiu informe favorable de fiscalización do expediente co csv F2Q9WRETRH6W8QR9 e no que recolle a seguinte observación:

“Ao non ter licitada a contratación que agora se está tramitando coa antelación necesaria para enlazar o contrato que finaliza coa nova adxudicación, tramitouse expediente de contratomenor por este mesmo servizo, esencial para garantir a prestación de servizos do ORAL. (expediente 2023024122).

O contrato anterior, adxudicado pola Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión ordinaria do día 22 de marzo de 2019, rematou a súa última prórroga o 30 de abril de 2023. O artigo 29.4 da LCSP establece que “cando ao vencemento dun contrato non se houbera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razón de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que inicie a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicara cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.”

Así, cumpre recordar a necesidade dunha maior dilixencia na tramitación dos expedientes de contratación recurrentes e esenciais, que deberían estar incluídos dentro da programación e planificación da activade contractual da Deputación, conforme establece o artigo 28.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.”

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL”, de acordo co seguinte detalle:

O orzamento base de licitación 21% de IVE engadido: 117.302,88€

Os prezos unitarios de licitación:

MODELOS	Prezo unitario máximo, sen IVE
Modelo A (ordinario 1 cara)	0,051 €
Modelo B (ordinario a 2 caras)	0,053 €
Modelo C (notificación a 1 cara)	0,051 €
Modelo D (notificación a 2 cara)	0,056 €
Follas adicionais (a partir da primeira folla)	0,012 €
Impresións adicionais (a partir da primeira folla)	0,010 €



O sistema de determinación do prezo: prezos unitarios

O prazo de duración do contrato é de dous anos, a contar desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de dúas prórrogas de 1 ano de duración cada unha.

2.- Autorizar a tramitación ordinaria do gasto por importe de 117.302,88 euros, que se financiará de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023 (8 meses)	932.9320.227.06	39.100,96 €
2024 (12 meses)	932.9320.227.06	58.651,44 €
2025 (4 meses)	932.9320.227.06	19.550,48 €
	Total	117.302,88€

Os importes correspondentes os exercicios 2024 e 2025 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

3.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas csv MMBUO080L75UPJNO e de prescricións técnicas csv 4AUHOR3DQ51HRV3Q e Anexo (modelos e sobres) csv 33KWQPV8LV3T8J39 que rexeran en dito procedemento aberto.

4.- Designar como responsable do contrato a Xefa do servizo de modernización e procedementos administrativos.

5.- Iniciar o procedemento de adjudicación do presente contrato, concedendo un prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

6.32725.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADJUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7201 CACHAFEIRO-SILLEDA, DENDE O P.Q. 21+070 AO P.Q. 22+444 (CONCELLO DE SILLEDA)”. (Expte.2023034993)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada EP-7201, que transcorre polos Concellos de Forcarei e Silleda, e concretamente do treito que transcorre entre o P.Q. 21+070 e o P.Q. 22+444.

Resultando.- Que a E.P. 7201 é unha estrada de dobre sentido de circulación e no treito de actuación do proxecto, a estrada conta con dous carrís de circulación cun ancho de plataforma variable, sen beirarrúas nin sendas peonís en ningunha das marxes en case todo o tramo, que permita a mobilidade peonil de forma segura e cómoda.

Resultando.- Que debido a esta circunstancia no treito entre o P.Q. 21+070 e o P.Q. 22+444, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro – Silleda dende o p.q. 21+070 ao p.q. 22+444. Concello de Silleda*” para dotar a zona dunha zona de tránsito peonil segura.



Resultando.- Que o proxecto desenvólvese na súa integridade no *Concello de Silleda*, e concretamente entre o P.Q. 21+070 e o P.Q. 22+444 da E.P. 7201, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación. Para acadar tal fin as actuacións consisten na execución dunha senda peonil de formigón coloreado de ancho mínimo 2,50 metros na marxe esquerda entre ditos P.Q. creando un itinerario peonil continuo e seguro. A maiores, o proxecto contempla tamén a renovación da capa de rodaxe da estrada, a execución dunha nova rede de pluviais e un treito da rede de saneamento, así como a instalación dunha rede de alumeadado soterrada e a implementación de novas luminarias segundo o indicado no proxecto. O proxecto inclúe a renovación da sinalización no treito e a construción de muro de sostemento onde sexa preciso.

Resultando.- Que con data 13 de marzo do 2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Silleda*, o convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro– Silleda, dende o PQ 21+070 ao PQ 22+444*”, por importe de 799.014,36€ (IVE incluído).

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Silleda* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	639.211,49 €	80
Concello de Silleda	159.802,87 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	799.014,36 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: VYUSP59LUQPKO0KW), solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro-Silleda, dende o P.Q. 21+070 ao P.Q. 22+444 (Concello de Silleda)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, con informe favorable de supervisión do enxeñeiro Eduardo Artime Rial adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro-Silleda, dende o P.Q. 21+070 ao P.Q. 22+444 (Concello de Silleda)*”, cun orzamento base de licitación de 799.014,36 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) VZQ36F3U9487M884.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 799.014,36 €, con número de operación 202300045767 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia emitida na data 09/05/2023 que consta no expediente con (CSV) MDCVHT2I4WO2F3WB.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra de “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro-Silleda, dende o P.Q. 21+070 ao P.Q. 22+444 (Concello de Silleda)*” redactado enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, cun orzamento base de licitación de 799.014,36 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) VZQ36F3U9487M884.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación (CSV): XF14XZD9PHFDKC8F, que recolle o seguinte: “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe de fiscalización do expediente (CSV) DAY1NQFO9A2FMCV4, no que se recolle o seguinte: “*...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro-Silleda, dende o P.Q. 21+070 ao P.Q. 22+444 (Concello de Silleda)*” cun orzamento base de licitación de 375.468,32 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	660.342,45 €
IVE (21%).....	138.671,91 €
Importe Total.....	799.014,36 €
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): CSE9TEMEC5XMBHF5, e de prescricións técnicas con código (CSV) VZQ36F3U9487M884, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 799.014,36 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



7.32726.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8004 CALDAS-VILANOVIÑA, P.Q. 0+000 AO P.Q. 8+213 (CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS, VILANOVA DE AROUSA E MEIS)”. (Expte.2022070657)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 8004 CALDAS-VILANOVIÑA que percorre os termos municipais de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 8.213 km.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada EP-8004 CALDAS-VILANOVIÑA resulta necesario proceder á reparación da estrada, mediante a execución de saneos e o fresado da capa de rodadura en mal estado. Posteriormente, procederase á aplicación dun simple tratamento superficial e o recrecido do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente. Finalmente, repoñerase a sinalización horizontal e vertical, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino o proxecto de execución da Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)” cun orzamento base de licitación de 1.042.029,28 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) W5Y4YKJEO2Q1R9E3.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202300005463 por importe de 1.042.029,28 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.



Resultando.- Que consta no expediente que conforme o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable.

Resultando.- Que con data 01/03/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo unha serie de observacións en relación coas autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 19/06/2020 e por Augas de Galicia de data 13/07/2020.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/01/20223 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)”, redactado pola enxeñeira Belén Pampín Camino, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de 1.042.029,28 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) W5Y4YKJEO2Q1R9E3.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 03/05/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)” cun orzamento base de licitación de 1.042.029,28 € IVE. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 07/03/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 27/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis).

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.
- MISTURAS OBRA E PROXECTOS, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.



Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Xefe de sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, con data 10/04/2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	18,00	3,00	21,00
MISTURAS OBRA E PROXECTOS, S.A.	18,00	1,00	19,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	3,00	25,00
NAROM, S.L.	18,00	3,00	21,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 14/04/2023 en base ó informe Xefe de sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, de data 10/04/2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.



Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	802.620,90 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	788.928,12 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	716.847,25 €	3%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	825.059,50 €	3%	36 MESES	SI	SI
MISTURAS OBRA E PROXECTOS, S.A.	799.520,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	781.521,96 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	833.623,42 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeu a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., presentou xustificación da súa oferta dando traslado da mesma ós servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas que emitiu o preceptivo informe na data 08/05/2023 recollendo que CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA NON xustifica de forma correcta a oferta económica que presentou, e non debe de ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.



Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 08/09/2022, procedeu á valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACIÓN SOBRE "B"
	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,15	5,00	5,00	5,00	37,15
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	27,05	5,00	5,00	5,00	42,05
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	13,70	5,00	5,00	5,00	28,70
MISTURAS OBRA E PROXECTOS, S.A.	23,26	5,00	5,00	5,00	38,26
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	29,70	5,00	5,00	5,00	44,70
NAROM, S.L.	10,45	5,00	5,00	5,00	25,45

Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	25,00	44,70	69,70
2	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	21,00	42,05	63,05
3	MISTURAS OBRA E PROXECTOS, S.A.	19,00	38,26	57,26
4	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	20,00	37,15	57,15
5	FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	21,00	28,70	49,70
6	NAROM, S.L.	21,00	25,45	46,45



Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)” á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L, por importe de 945.641,57€

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.(CIF B36533537), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 39.076,10 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 24/05/2023 con número de operación 202300111416.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PEVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF 81470841) do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa INGENIERIA Y PEVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., para a adxudicación Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)"por un importe estimado de 4.537,50 €.



Considerando.- O informe emitido pola Intervención con (CSV) X3HCLBU9ACN6WO9G no que se recolle que aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022, dentro do proxecto de gasto código nº 2022070657, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300005464.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A, pois a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L, (CIF B36533537) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)" por un importe de 945.641,57 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	781.521,96 €
IVE (21%)	164.119,61 €
Importe Total.....	945.641,57 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022070657.

3. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.
4. Adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF 81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)"(Expte 2022075362), por un importe de 4.537,50 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	3.750,00 €
IVE (21%).....	787,50 €
Importe Total.....	4.537,50 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2022075362



8.32727.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4006 PONTEAREAS - AS NEVES DO P.Q. 12+080 AO 12+560 (CONCELLO DAS NEVES)”. (Expte.2022068472)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 4006 Pontareas - As Neves, que transcorre polo Concello das Neves e que ten unha lonxitude de 12.681 m. A E.P. 4006 que conecta Pontareas con As Neves é de dobre sentido de circulación e de sección variable.

Resultando.- Que antes da zona de actuación, no treito antigo existente desde o P.Q. 11+100 ata o P.Q. 12+080 da EP 4006 executáronse obras de mellora mediante unha senda peonil dende o núcleo do Rabelo así como a mellora da mobilidade peonil na rotonda existente no P.Q. 12+000, para a seguranza dos veciños e a conexión co instituto e co centro da vila.

Resultando.- Que onde remata a actuación executada, á altura do P.Q. 12+080 atópase unha beirarrúa pola marxe esquerda en moi mal estado, polo cal a Deputación decide contratar a redacción do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontareas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)”.

Resultando.- Que o proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello das Neves, dende o P.Q. 12+080 ao 12+560 da E.P. 4006. O seu obxecto principal é a execución dunha senda peonil de 2,50 metros de ancho pola marxe esquerda da estrada dando continuidade os treitos executados en proxectos anteriores co fin de mellorar a mobilidade peonil existente ata o IES Pazo da Mercé e centro da vila.

Resultando.- Que con data 03/11/2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de As Neves, convenio de colaboración para a execución do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontareas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)”, por un importe de 258.394,57 €.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de As Neves mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	206.715,66 €	80
Concello As Neves	51.678,91 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	258.394,57 €	100



Resultando.- Que recolle tamén o convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., o proxecto de execución da “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)” cun orzamento base de licitación de 258.394,57 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 6SHMH9BQSXLB0P8N.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto favorable, emitido pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 206.715,66 €, con número de operación 202300008089 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 e RC por importe de 51.678,91 € con número de operación 202300064499 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02, para facer fronte ó gasto financiado pola Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno de data 24/01/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas - As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)”, redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 258.394,57 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 6SHMH9BQSXLB0P8N.

Resultando.- Que consta no expediente autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, (CSV) D49HES7EDX8F2EW4, debido a que a actuación atópase na contorna de protección do elemento arqueolóxico “A Cividade” (GA 36034006). En ningún momento se fai unha afección do mesmo, dado que a actuación a realizar con este proxecto se atopa no dominio público da EP 4006. Con data 03/03/2022 o Servizo de Patrimonio Cultural autoriza a execución da obra e solicita realizar un control arqueolóxico, polo que antes do comezo da obra deberá presentarse proxecto arqueolóxico para a súa autorización.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 6410 BODAÑO - MERZA que percorre o termo municipal de Vila de Cruces pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 6.876 metros. O treito que se atopa entre o P.Q. 1+795 e o P.Q. 3+600 está construído con características vinculadas ao uso de vehículos, imposibilitando que, en moitos puntos, o uso peonil se poida realizar con plenas condicións de seguridade.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada E.P. 6410 BODAÑO - MERZA resulta necesario proceder á reparación da estrada dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 6+010, mediante a reposición do firme e da súa capacidade portante, mellora da drenaxe e operacións complementarias de reposición de sinalización horizontal afectada, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez, o proxecto de execución da obra “Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)”, cun orzamento base de licitación de 465.874,10 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 2LJAP7YB53J7N1M1.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 465.874,10 € con número de operación 202300015345, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/02/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)”, redactado polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez, cun orzamento base de licitación de 465.874,10 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 2LJAP7YB53J7N1M1.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/03/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces), cun orzamento base de licitación de 465.874,10 € IVE. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13/03/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 14/04/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)”

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MISTURAS OBRA E PROXECTOS, S.A.
- NAROM, S.L.
- EXPLOTACIONES GALLEGAS,S.L.

A Mesa de Contratación comproba que as empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. e EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., pertencen ó mesmo grupo empresarial, debendo de ter en conta esta circunstancia para aplicar o réxime de identificación de ofertas incursas en presunción de anormalidade.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



O Xefe de sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, con data 24/04/2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	18,00	3,00	21,00
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	22,00	3,00	25,00
HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00
MISTURAS OBRA E PROXECTOS, S.A.	18,00	1,00	19,00
NAROM, S.L.	18,00	3,00	21,00
EXPLOTACIONES GALLEGAS,S.L.	22,00	3,00	25,00

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/04/2023 en base ó informe Xefe de sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, de data 24/04/2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	357.182,98 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	338.278,49 €	3%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	354.398,35 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	379.706,64 €	3%	12 MESES	SI	SI
MISTURAS OBRA E PROXECTOS, S.A.	347.595,00 €	3%	12 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	369.388,11 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXPLOTACIONES GALLEGAS,S.L.	359.696,69 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., presentou xustificación da súa oferta dando traslado da mesma ós servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas que emitiron o preceptivo informe na data 08/05/2023 recollendo que CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, SA NON xustifica de forma correcta a oferta económica que presentou, e non debe de ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 12/05/2023, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	23,94	5,00	5,00	5,00	38,94
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	26,20	5,00	5,00	5,00	41,20
HORDESCON, S.L.	4,58	0,00	5,00	5,00	14,58
MISTURAS OBRA E PROXECTOS, S.A.	31,73	5,00	5,00	5,00	46,73
NAROM, S.L.	13,46	5,00	5,00	5,00	28,46
EXPLOTACIONES GALLEGAS,S.L.	21,80	5,00	5,00	5,00	36,80

Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou a a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	25,00	41,20	66,20
3	MISTURAS OBRA E PROXECTOS, S.A.	19,00	46,73	65,73
4	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	25,00	38,94	63,94
5	EXPLOTACIONES GALLEGAS,S.L.	25,00	36,80	61,80
6	NAROM, S.L.	21,00	28,46	49,46
7	HORDESCON, S.L.	16,00	14,58	30,58



Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da “Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)á empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. por importe de 428.822,00 € IVE incluído

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.(B15009533), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 65) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 17.719,92 € € segundo queda acreditado en carta de pago con número de operación 202300114314.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A., para a adxudicación Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra "Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)" por un importe estimado de 2.377,00 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención con (CSV) AV2FZ8T4S7UQLALS no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022, dentro do proxecto de gasto código nº 2023000959, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300030650.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A, pois a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.(B15009533) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)" por un importe de 428.822,00 IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	354.398,35 €
IVE (21%)	74.423,65 €
Importe Total.....	428.822,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022.do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; expediente: 2023000959.



3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don César Paredes Rodríguez.
4. Adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra “*Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)*” (Expte 2023004908), por un importe de 2.377,00 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	1.964,46 €
IVE (21%).....	412,54 €
Importe Total.....	2.377,00 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023004908

12.32731.- VALIDACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO PQ 7+100 DA EP 2102 NIGRÁN - VINCIOS (CONCELLO DE NIGRÁN)”.(Expte. 2022069715)

Por Resolución Presidencial RP2022009461 de data 29/12/2022 adxudícase á empresa PRODOSERMAN, SL (B36108652) o contrato menor para a execución da obra “Mellora da seguridade viaria no PQ 7+100 da EP 2102 Nigrán - Vincios (Concello de Nigrán)”, por importe de 30.067,06 € IVE incluído, e un prazo de execución 2 MESES.

Con data 28/01/2023 formalizouse entre o contratista e o director de obra, un acta de comprobación de replanteo negativa debido a que non se pode comezar a realización dos traballos por falta de autorización de Augas de Galicia, sen formular reservar sobre a viabilidade do proxecto.



Con data 27/02/2023 a Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público outorga a autorización (CSV KQN9SSO18NTFIJMI) e con data 30/03/2023, asíñase por ambas parte a acta de comprobación de replanteo positiva, comezando nese intre a execución das obras que finalizarán o 30/05/2023.

No trámite para proceder ao abono la certificación 1 polo período 01/04/2023 ao 30/04/2023 Intervención, con data 08/05/2023, informa que:

“Se ben consta no expediente unha acta de comprobación de trazado negativa, non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato, comezando as obras 2 meses despois da acta de comprobación de trazado negativa. Polo exposto anteriormente, con carácter previo á aprobación por Resolución Presidencial deberase proceder á validación da suspensión do inicio da execución pola Xunta do Goberno”.

Consta no expediente informe emitido pola dirección da obra

“Con data 28/01/2023 asinouse acta de comprobación do replanteo por parte da persoa representante da empresa contratista PRODOSERMAN, SL e a directora das obras, María Elena Pérez Alonso, onde o contratista sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, fixo outras observacións que poden afectar á execución da obra, por iso en base ao artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, a dirección de obra, consideradas tales observacións, decidiu suspender o comezo da obra, xustificándoo na propia acta, nos seguintes termos:

“Non se pode comezar a realización dos traballos por falta de autorización de Augas de Galicia”.

Desaparecidas as causas que motivaron a suspensión do inicio das obras, asinouse por ámbalas partes a acta de comprobación do replanteo positiva con data 30/03/2023, onde a dirección das obras autoriza o seu inicio, comezando a contar o prazo de execución destas dende o día da sinatura da dita acta, establecéndose neste intre como data para finalizar a obra o día 30/05/2023.”

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: *“1. A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observación que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta.”*

Considerando.- O disposto no artigo 52 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as administracións poderán convalidar os seus actos subsanando os vicios de que adoezan. Se o vicio consiste na falta de alguna autorización, poderá ser convalidade mediante o outorgamento da mesma polo órgano competente.

Considerando.-Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual orzamento, en referencia ao recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Validar a suspensión e o inicio da execución do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria no PQ 7+100 da EP 2102 Nigrán - Vincios (Concello de Nigrán)*”, con efectos dende o 28/01/2023, data da sinatura da acta de comprobación replanteo negativa; ata o 30/03/2023, data da sinatura da acta de comprobación de replanteo positiva, comenzando nesta data o prazo de execución das obras de 2 meses.

13.32732.- AUTORIZACIÓN PARA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA A REDACCIÓN E ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA E RURAL 2023 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (AUPO 2030)”. (Expte. 2022066946).

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 3 de febreiro de 2023, acordou adxudicar á empresa Estrategia y Organización SA (EOSA), con CIF A-36.196.418, o contrato para a prestación do servizo de consultoría para a redacción do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030), cun período de execución de 12 meses contado desde a súa formalización, que tivo lugar o día 7 de marzo de 2023.

Así mesmo, segundo se especifica na cláusula 6 do prego de cláusulas económico-administrativas establecéronse como prazos parciais os seguintes:

- Proceso de participación cidadá: a proposta de contidos deste proceso entregárase no prazo máximo de 15 días tras a formalización do contrato.
- Plan de Comunicación: a proposta de contidos do Plan de Comunicación entregárase no prazo máximo de 15 días tras a formalización do contrato.
- Plan de traballo: a proposta de planificación presentárase no prazo máximo de 15 días tras a formalización do contrato
- Mesas de reflexión cara á formulación estratéxica: o material necesario e presentación das mesas de validación deberá entregarse no prazo máximo de 15 días antes da celebración da primeira mesa de traballo.
- Mesas do marco estratéxico: o material necesario e presentación da mesa de validación e priorización deberá entregarse no prazo máximo de 15 días antes da celebración da primeira mesa de traballo.
- Mesa do marco estratéxico: o material necesario e presentación da mesa de Comisión Interdepartamental deberá entregarse no prazo máximo de 15 días antes da celebración de dita mesa.

Con data 1 de xuño de 2023 a Técnica adxunta ao Servizo de Promoción de emprego e desenvolvemento local Natalia Abala Araujo, responsable do contrato e a Xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios Marina Piñeiro Novo solicitan a suspensión do prazo de execución do contrato indicando o seguinte:

“(...) mentres que os tres primeiros ítems cumpríronse en tempo e forma pola empresa EOSA, os relativos ás mesas de reflexión e validación están pendentes de executar ao depender da participación activa duns Concellos que nestes momentos están en fase de constitución tras a celebración das eleccións municipais o pasado 28 de maio.

Neste sentido, tal e como dispón o PPT,” (...) os municipios serán axentes imprescindibles para alcanzar os obxectivos estratéxicos da Axenda.(...) ademais dos municipios, é importante a participación cidadá nas diferentes fases de elaboración do Plan de Acción reforzando os procesos de gobernanza multinivel, así como a transparencia e bo goberno a través da



implementación dun proceso participativo”, no que “(...) débense atopar como mínimo: expertos, persoal técnico especializado, técnicos municipais, alcaldías, a infancia, representantes de sectores públicos e privados, cidadanía e a mocidade.

A necesidade desta participación activa para levar a bo termo a execución do contrato, aconsellan suspender o mesmo ata a constitución e posta en funcionamento das novas Corporacións municipais, e mesmo da propia Deputación de Pontevedra, para continuar cos trámites previstos nos pregos. Non obstante, a Deputación de Pontevedra realizará os pagos dos traballos realiza dos correspondentes ao fito de proceso de participación cidadá, plan de comunicación e plan de traballo quedando o resto de fitos pendentes.”

O artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

O artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

O artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...).*

A vista do exposto con data 1 de xuño de 2023 o representante da empresa Estrategia y Organización SA (EOSA) Antonio María de la Cruz de la Rosa e a responsable do contrato Natalia Abalo Araujo asinaron a correspondente acta de paralización do servizo acordando:

- 1.-Que a Deputación de Pontevedra realizará os pagos dos traballos realizados correspondentes ao fito de proceso de participación cidadá, plan de comunicación e plan de traballo quedando o resto de fitos pendentes.
- 2.- O acordo de suspensión deberá elevarse ao órgano de contratación sen que proceda indemnización polo período de suspensión.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión do prazo de execución do contrato formalizado coa empresa Estrategia y Organización SA (EOSA), con CIF A-36.196.418, para a prestación do “Servizo de consultoría para a redacción do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030)”, con efectos desde o 1 de xuño de 2023, data de sinatura da acta de paralización do servizo, ata que se formalice a correspondente acta de reinicio do servizo por ter finalizado as causas que motivaron a suspensión.



14.32733.- LIBERACIÓN PARCIAL DO CRÉDITO COMPROMETIDO PARA INCREMENTOS NO NÚMERO DE UNIDADES ESTIMADAS NO “CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2022043519)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2022, adxudicou os dous lotes do contrato de *Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra* (Lote 1 Papelería e Lote 2 Artigos Xerais de Oficina) a, á empresa Redinor, S.L. (B 36.127.405), polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes.

As obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra son as que resulten dos pedidos efectuados por parte dos centros e servizos, que poderán realizarse ata alcanzar un importe máximo (IVE incluído) de 32.971,85 euros para o lote 1, e de 23.795,30 euros para o lote 2, ao que se engade a previsión dun 10% a maiores en ambos os dous lotes para o caso de incremento do número de unidades a subministrar.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 31 de xaneiro do 2023, establecendo un prazo de duración dun ano desde a data de formalización, e a posibilidade de tres prórrogas anuais.

De conformidade co informe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, segundo o cal á data actual, en función dos pedidos realizados, tramitáronse as seguintes facturas:

Febreiro:

FAC/284294 Papelería: 1.625,05 €
FAC/283796 Material de oficina: 358,32 €

Marzo:

FAC/285329 Papelería: 1.252,46 €
FAC/285327 Material de oficina: 929,79 €

Abril:

FAC/285331 Papelería: 1.625,05 €
FAC/285332 Material de oficina: 901,66 €

Coa tendencia cada vez maior de redución no gasto de papelería como consecuencia da implantación da Administración electrónica, e a baixada nos prezos de adxudicación da empresa, non é previsible alcanzar o importe máximo (IVE incluído) de 32.971,85 euros para o lote 1, e de 23.795,30 euros para o lote 2, e moito menos o 10% comprometido a maiores en ambos os dous lotes para o caso de incremento do número de unidades a subministrar.

Vista a necesidade do servizo de obter crédito dispoñible na bolsa de vinculación para o seu correcto funcionamento, e atender, entre outros, aos gastos derivados do pago de taxas de inserción de anuncios en boletíns oficiais, e que existe crédito comprometido no contrato para posibles incrementos no número de unidades a subministrar, que alcanzaría a contía total de 5.203,66 € (documentos “D” núm. operación 202300011280, polo importe de 3.022,42 €, e núm. operación 202300011285, polo importe de 2.181,24 €, emitidos con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/922.9200.22000).



Vista a dilixencia favorable da Intervención, de data 6 de xuño do 2023.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Liberar parcialmente o crédito comprometido do contrato de “*Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra*” (Exp. 2022043519), na contía total de 5.203,66 € (documentos “D” núm. operación 202300011280, polo importe de 3.022,42 €, e núm. operación 202300011285, polo importe de 2.181,24 €, emitidos con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/922.9200.22000), correspondente ao 10% estimado a maiores para posibles incrementos no número de unidades a subministrar nos dous lotes, co obxecto de obter crédito dispoñible na bolsa de vinculación para o correcto funcionamento do servizo de Contratación.

15.32734.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB DEPORTIVO OLD SCHOOL BOXING, DO CONCELLO DE VIGO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “CAMPEONATO DE ESPAÑA DE BOXEO (L1)”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022. (Expte. 2022026380)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da CLUB DEPORTIVO OLD SCHOOL BOXING con NIF: G27773928 do concello de Vigo, por un importe de 4.557,05 €, para a “CAMPEONATO DE ESPAÑA DE BOXEO” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023034218 con data 26/05/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

16.32735.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB DEPORTIVO COIA, DO CONCELLO DE VIGO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “TORNEO COYA (L2)”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022. (Expte. 2022026408)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da CLUB DEPORTIVO COIA con NIF: G36753911 do concello de Vigo, por un importe de 363,65 €, para a “TORNEO COYA” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023034557 con data 29/05/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



17.32736.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO UNION POLIDEPORTIVA BOLOS DA CARRASCA, DO CONCELLO DE NIGRÁN, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “MEMORIAL DE PETANCA CONCHI (L2)”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022. (Expte. 2022026290)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da UNION POLIDEPORTIVA BOLOS DA CARRASCA con NIF: G36648319 do concello de Nigrán, por un importe de 457,16 €, para a “MEMORIAL DE PETANCA CONCHI” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº WEB2023033998 con data 25/05/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

18.32737.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE MUJERES EN EL SECTOR PÚBLICO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “CONTALO PARA CONTAR” (Expte. 2022026913)

A entidade de iniciativa social ASOCIACION DE MUJERES EN EL SECTOR PUBLICO solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “CONTALO PARA CONTAR” a través da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022, que se leva a cabo desde o Servizo de Igualdade. Esta convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 53 de 17 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, concederlle á *Asociación de mujeres en el sector público* unha achega de 2.274,79 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Esta entidade, a través de escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación, o día 27 de febreiro de 2023, co número de entrada WEB2023012371, presenta renuncia á subvención concedida por importe de 2.274,79 euros para o proxecto de “*Contalo para contar*” e que se finalice a tramitación do expediente.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o ano 2022, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo cuarta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.

Polo exposto a Xunta de Goberno queda enterada e acepta a renuncia da *Asociación de mujeres en el sector público (G94176740)*, presentada no Rexistro electrónico da Deputación, o día 27 de febreiro de 2023, co número de entrada WEB2023012371, relativo á subvención concedida por importe de 2.274,79 euros, para o proxecto “*Contalo para contar*”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra violencia de xénero para o ano 2022.



19.32738.- PERDA DE DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN PAVEGAL, PARA LEVAR A CABO O PROXECTO “PAVEGAL INSERTA” (Expte. 2022026785)

A Xunta de Goberno, celebrada o 11 de marzo de 2022, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de Subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022. Ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 53, de data 17 de marzo de 2022.

Ao amparo de dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á ASOCIACIÓN PAVEGAL unha achega de 2.198,97€ para o proxecto “PAVEGAL INSERTA”, acordo notificado á entidade o 4 de agosto de 2022. O período para executar a actividade estendíase ata o 31 de decembro de 2022 e o prazo de xustificación ata o 28 de febreiro de 2023.

Con data de 1 de marzo de 2023, logo de rematado o prazo de presentación da xustificación, dende o Servizo de Igualdade, remíteselle á Asoc. PAVEGAL un requirimento da xustificación indicándolle que *“dispón dun prazo improrrogable de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte ó recibo da comunicación, para achegar a correspondente documentación acreditativa dos gastos realizados; transcorrido dito prazo sen presentala, procederase a iniciar o procedemento de perda do dereito ó cobro da axuda concedida no seu día (art. 89 do RLXS)”*.

Este requirimento foi rexeitado por caducidade e transcorrido o prazo de alegacións, non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ó cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 9 de maio de 2022, o Servizo de Igualdade emite informe onde se recolle que procede á incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tendo en conta os artigos 30.2 da LXS e 28.2 da LSG, que indican que a xustificación constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria, e que o seu prazo ven determinado polas correspondentes bases reguladoras; o artigo 34.3 da LXS, que indica que producirá a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención o suposto da ausencia de xustificación, así como o artigo 37 da LXS, que regula toda unha serie de supostos que operan como causa de reintegro ou de perda do dereito ó cobro total ou parcial da axuda económica concedida.

Resultando que con data 2 de xuño de 2023 dende Intervención remiten dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a dita entidade para realización do proxecto “PAVEGAL INSERTA”.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo cuarta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.



Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida á Asociación PAVEGAL (CIF G27852532), unha achega de 2.198,97 euros para o proxecto “PAVEGAL INSERTA”, ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022
2. Conceder un prazo de quince días hábiles para que a Asociación PAVEGAL (CIF G27852532), poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que transcorrido dito prazo, conlevara á perda da subvención referida do xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución a Asociación PAVEGAL, á Intervención Provincial e ó Servizo de Igualdade

20.32739.- PERDA DE DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á FEDERACIÓN POLA IGUALDADE DAS MULLERES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (FEMUPO), PARA LEVAR A CABO O PROXECTO “CAMPAÑA DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA ADOLESCENCIA” (Expte.2022026938)

A Xunta de Goberno, celebrada o 11 de marzo de 2022, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de Subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022. Ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 53, de data 17 de marzo de 2022.

Ao amparo de dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á Federación Pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO) unha achega de 2.843,49 euros para o proxecto "*Campaña de prevención da violencia de xénero na adolescencia*", acordo notificado á entidade o 4 de agosto de 2022. O período para executar a actividade estendíase ata o 31 de decembro de 2022 e o prazo de xustificación ata o 28 de febreiro de 2023.

Con data de 1 de marzo de 2023, logo de rematado o prazo de presentación da xustificación, dende o Servizo de Igualdade, remíteselle á Federación Pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO) un requirimento da xustificación indicándolle que “*dispón dun prazo improrrogable de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte ó recibo da comunicación, para achegar a correspondente documentación acreditativa dos gastos realizados; transcorrido dito prazo sen presentala, procederase a iniciar o procedemento de perda do dereito ó cobro da axuda concedida no seu día (art. 89 do RLXS)*”.



Transcorrido o prazo de 15 días establecido, non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ó cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 9 de maio de 2022, o Servizo de Igualdade emite informe onde se recolle que procede á incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tendo en conta os artigos 30.2 da LXS e 28.2 da LSG, que indican que a xustificación constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria, e que o seu prazo ven determinado polas correspondentes bases reguladoras; o artigo 34.3 da LXS, que indica que producirá a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención o suposto da ausencia de xustificación, así como o artigo 37 da LXS, que regula toda unha serie de supostos que operan como causa de reintegro ou de perda do dereito ó cobro total ou parcial da axuda económica concedida.

Resultando que con data 2 de xuño de 2023 dende Intervención remiten dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a dita entidade para realización do proxecto “*Campaña de prevención da violencia de xénero na adolescencia*”.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo cuarta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida á Federación Pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO) (CIF G94200326), unha achega de 2.843,49 euros para o proxecto “*Campaña de prevención da violencia de xénero na adolescencia*”, ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022
2. Conceder un prazo de quince días hábiles para que á Federación Pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO) (CIF G94200326), poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que transcorrido dito prazo, conlevará á perda da subvención referida do xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución á *Federación Pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra* (FEMUPO), á Intervención Provincial e ó Servizo de Igualdade.



21.32740.- PERDA DE DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN MULLERES E PALABRAS PARA LEVAR A CABO O PROXECTO “SORORIDADE, A NOSA RESPOSTA ANTE AS VIOLENCIAS MACHISTAS” (Expte.2022026802)

A Xunta de Goberno, celebrada o 11 de marzo de 2022, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de Subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022. Ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 53, de data 17 de marzo de 2022.

Ao amparo de dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á Asociación Mulleres e Palabras unha achega de 1.032,00 euros para o proxecto “*Sororidade, a nosa resposta ante as violencias machistas*”, acordo notificado á entidade o 4 de agosto de 2022. O período para executar a actividade estendíase ata o 31 de decembro de 2022 e o prazo de xustificación ata o 28 de febreiro de 2023.

Con data de 1 de marzo de 2023, logo de rematado o prazo de presentación da xustificación, dende o Servizo de Igualdade, remíteselle á *Asoc. Mulleres e Palabras* un requirimento da xustificación indicándolle que “*dispón dun prazo improrrogable de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte ó recibo da comunicación, para achegar a correspondente documentación acreditativa dos gastos realizados; transcorrido dito prazo sen presentala, procederase a iniciar o procedemento de perda do dereito ó cobro da axuda concedida no seu día (art. 89 do RLXS)*”.

Este requirimento foi rexeitado por caducidade e transcorrido o prazo de alegacións, non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ó cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 9 de maio de 2022, o Servizo de Igualdade emite informe onde se recolle que procede á incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tendo en conta os artigos 30.2 da LXS e 28.2 da LSG, que indican que a xustificación constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria, e que o seu prazo ven determinado polas correspondentes bases reguladoras; o artigo 34.3 da LXS, que indica que producirá a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención o suposto da ausencia de xustificación, así como o artigo 37 da LXS, que regula toda unha serie de supostos que operan como causa de reintegro ou de perda do dereito ó cobro total ou parcial da axuda económica concedida.

Resultando que con data 2 de xuño de 2023 dende Intervención remiten dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a dita entidade para realización do proxecto “*Sororidade, a nosa resposta ante as violencias machistas*”.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo cuarta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.



Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida á *Asociación Mulleres e Palabras* (CIF G01796184), unha achega de 1.032,00 € para o proxecto “*Sororidade, a nosa resposta ante as violencias machistas*”, ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022
2. Conceder un prazo de quince días hábiles para que á *Asociación Mulleres e Palabras* (CIF G01796184), poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que transcorrido dito prazo, conlevará á perda da subvención referida do xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución á *Asociación Mulleres e Palabras*, á Intervención Provincial e ó Servizo de Igualdade

22.32741.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023040731)

Vista a relación de facturas con número 2023040731, que contén 8 facturas e por un importe de 31.761,00 € e con CSV: P0ONF0QH2HFQ1KWG, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/06/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	32.132,85 €
Descontos do IRPF.....	371,85 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	31.761,00 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



23.32742.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS LESIÓNS E DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE VIGO. (Expte. 2023031210)

Dada conta que con data 25/04/2023 (núm. rex. WEB2023027868) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial suscrita por D. Jaime Carrera Rafael en representación de D. José Fernández Seijo, por danos materiais e lesións padecidas por mor dunha caída a consecuencia do mal estado da beirarrúa da E.P. 2001 Calvario-A Garrida, no Concello de Vigo, o día 29/09/2021, a cal foi cuantificada economicamente en 2.238,99 €

Resultando.- Que segundo o relatado na súa instancia, D. José Fernández Seijo, *“tardou un total de 14 días para a curación dos menoscabos físicos sufridos, por estabilización lesional”*.

Resultando.- Que, asemade, no informe médico do Servizo Galego de Saúde, de data 01/03/2022, recóllese que *o tempo total de recuperación foi de 14 días*, recolléndose no informe pericial elaborado por D. Francisco Javier Baena de la Rosa, de data 18/03/2022, o seguinte: *“En el presente caso asumiremos los 14 días de curación propuestos por su MAP”*, POLO QUE OCORRIDA A CAÍDA NA DATA 29/09/2021, A CITADA CURACIÓN TERÍASE PRODUCIDO NA DATA 13/10/2021.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade e lexitimación activa e pasiva, descritos nos artigos 3 e 4.1, letra a), en relación co artigo 66, da Lei 39/2015, mais non o da temporalidade, tendo transcorrido o prazo de prescrición descrito no artigo 67.1 da Lei 39/2015 que literalmente di:

“Los interesados sólo podrán solicitar el inicio de un procedimiento de responsabilidad patrimonial cuando no haya prescrito su derecho a reclamar. El derecho a reclamar prescribirá al año de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o se manifieste su efecto lesivo. En caso de daños de carácter físico (...) el plazo empezará a computarse desde la curación o la determinación del alcance de las secuelas”.

Considerando.- Que o teor do citado artigo impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó ter prescrito o dereito a reclamar do interesado, xa que a curación das lesións tivo lugar o día 13/10/2021, presentando a reclamación patrimonial na data 25/04/2023, UN ANO E MEDIO DESPOIS DA CURACIÓN OU ESTABILIZACIÓN DAS LESIÓNS.

Considerando.- Que, a maiores, de acontecer os feitos relatados tal e como manifesta o reclamante, atopariámonos ante un suposto que por antecedencia (obranse nesta Deputación), casuística e precedencia xudicial quedaría excluído do actuar, normal ou anormal, do ente provincial, xa que á vista das fotografías obrantes no expediente, o desperfecto non ten a entidade suficiente para provocar os danos reclamados, de observarse a debida atención na deambulación, e proba disto é que non houbo mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención do accidentado, que posuíndo o control da situación non foi quen de evitar a caída, así como na falta de entidade do desperfecto, podendo ser salvado este no deambular normal dos viandantes.



Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan *ad exemplum*:

“... El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...”
Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:

“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”

- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:

“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que (...) iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...) Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”

- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:

“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”

- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:

“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.

- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:

“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que (...) sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída



algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumpriente o establecido nos artigos 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

24.32743.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE BAIONA. (Expte. 2022046912)

Dada conta que con data 07/07/2022 (rex. núm. 2022017164) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Miguel Pardo Martínez, por danos nunha autocaravana da súa propiedade, producidos a consecuencia da colisión contra un sinal vertical da estrada provincial E.P. 2201, no Concello de Baiona, o día 16/05/2022, e que cuantificou economicamente en 435,90 euros.

Resultando.- Que con data 13/07/2022, e con fundamento no artigo 141.1, letra c) da Lei 40/2015, solicitouse informe á policía Local de Baiona, acerca de se está permitido o tráfico de vehículos pesados nesa vía, contestando de modo afirmativo na data 19/07/2022.




Resultando.- Que con data 15/07/2022, requiriuse ó interesado para que no prazo de dez días subsanara a instancia aportando certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non fora indemnizado por mor deste sinistro, aportando na data 10/10/2022 informe da aseguradora Fiatc no que se recolle o seguinte: “Esta entidade sólo ha abonado al taller en nombre de nuestro asegurado los daños en las lunas”.

Resultando.- Que con data 13/07/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2 do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que emitiu o mesmo na data 24/10/2022, co seguinte contido :

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na EP-2201, na marxe dereita do 0+300. Dito punto pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial.

SEGUNDO.- O lugar do accidente se sitúa en solo urbano, nun tramo onde a anchura libre do carril polo que circulaba o vehículo é de 3,10 m de ancho (anchura libre medida entre as marcas viarias) e unha beiravía na marxe dereita da calzada de 0,85 m.



TERCEIRO.- O sinal co que chocou a caravana estaba situado nun poste vertical instalado xunto ó muro de pedra. O poste situábase no borde exterior da beiravía contra o muro e tiña un brazo horizontal para suxeita-lo sinal dentro da beiravía.

O sinal triangular ten unha medida en horizontal de 60 cm e se atopaba dentro da beiravía, sen invadir á calzada. A vexetación existente que tapaba o sinal no momento do sinistro procede dun predio particular, fóra do dominio público da estrada, invadindo ó mesmo.

A poda das ramas dos arbustos que invaden o dominio público é responsabilidade do propietario da parcela lindeira coa estrada. Neste caso é a comunidade de Veciños da Urbanización Loureiral.



CUARTO.- O sinal instalado fíxose expresamente a medida, para asegurar que a súa instalación quedaba en todo caso dentro da beiravía. A beiravía mide 0,85 m, sendo superior á medida do sinal vertical, que mide 0,60 m de ancho.

QUINTO.- Non hai constancia de sinistros similares no mesmo punto en datas anteriores e posteriores.

Enxeñeiro,

María Elena Pérez Alonso _____

O Director de Infraestruturas e Vías Provinciais,

Daniel Romay Díaz _____

Resultando.- Que con data 22/09/2022, D. Ramiro José Andrés González, en representación de Fiatc Mutua de Seguros y Reaseguros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial polos mesmos feitos e causa de pedir, ó tratarse da entidade aseguradora do vehículo accidentado, reclamando esta a contía de 1.518,93 € correspondente á reparación das lunas do vehículo.

Resultando.- Que con data 04/10/2023, requiriuse a D. Ramiro José Andrés González para que no prazo de dez días subsanara a instancia aportando os documentos que se relacionan a continuación, coa advertencia de que de non facelo así, tería lugar a perención do procedemento e o arquivo das actuacións:

- Poder de representación de Fiatc, xa que o aportado estaba incompleto.
- Informe pericial dos danos.
- Xustificante bancario da transferencia realizada a D. Miguel Pardo Martínez (xa que a factura figura pagada por este) ou ben factura de reparación a nome de Fiatc Seguros, pois a indemnización, de ser o caso, sería abonada a quen tivera realizado o desembolso económico.

Resultando.- Que con data 20/10/2022, D. Ramiro José Andrés González presenta escrito xunto co que aporta o poder de representación de Fiatc Mutua de Seguros y Reaseguros, xustificante de transferencia realizada por importe de 1.791,99 € a Talleres Caracol Park (Galitur), correo electrónico no que se desglosa dito importe en 1.518,93 € e 273,06 €, e manifesta ao respecto da peritación dos danos que “*No es posible aportar el informe pericial de daños pues no se realizó, limitándose Fiatc a abonar la factura presentada por el taller*”.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022007629 de data 26/10/2022, e de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acumuláronse ambos procedementos ó gardaren identidade de razón por tratarse do mesmo sinistro, reclamando a entidade aseguradora a contía correspondente ós danos producidos ás lunas do vehículo (1.518,93 €) e o accidentado os demais danos materiais ocasionados ó mesmo (435,90 €).

Resultando.- Que con data 28/10/2022, solicitouse informe á Policía Local de Baiona para que aclarase a discordancia existente entre o relatado no seu informe, elaborado polo instrutor 016025, no que se recolle que “*Se trata de una vía de doble sentido, delimitada por marcas viales en la que se ubica la señal P-15a, invadiendo el carril de circulación*”, e o informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación que di: “*O sinal fíxose expresamente a*



medida, para asegurar que a súa instalación quedaba en todo caso dentro da beiravía. A beiravía mide 0,85 m, sendo superior á medida do sinal vertical, que mide 0,60 m de ancho".

Resultando.- Que con data 02/11/2022, a Policía Local de Baiona remite informe aclaratorio co seguinte contido:

Los agentes que suscriben por medio de la presente informan:

Que en relación a su solicitud del informe por accidente de circulación en la c/ Loureiral nº 44, por colisión (vehículo 7747GYF) con la señal vertical de tráfico, se adjunta la fotografía tomada en el lugar del accidente. En ella se aprecia que la señal invade el carril de circulación.



Que dicha señal y el poste que la sujetaba, no se encuentra en el lugar actualmente, aunque todavía se encuentra el agujero en el que se encontraba esta señalización, el cual no se encuentra pegado exactamente a la pared.

Que el arcén mide 78 cm, y que, sumado a la anchura de la marca vial que delimita el arcén y el carril de circulación, que son 10 cm, el resultado don 88 cm.

Que la cota de la perpendicularidad de la señal se sitúa a 98 cm, es decir, 10 cm invadiendo el carril.

Que todo lo anterior implica que dicha señalización vertical implica un obstáculo no previsible que invade la calzada, ocasionando el accidente ocurrido en ese lugar en la fecha 16/05/2022.

Que en el folio 5 del atestado de dicho accidente, la fotografía "Detalle señalización invadiendo la calzada", muestra las citadas cotas de invasión de esa señal en el carril.

A su vez, es claramente indiciario el rastro de la ubicación del poste y el tamaño de la señal de advertencia de 80 cm de anchura, y dicha cota medida en el lugar, arrojan una distancia de invasión de la calzada de 10 cm".



Resultando.- Que con data 27/02/2023, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación acerca do nome e dirección postal do propietario da parcela lindeira coa estrada, por ser da súa responsabilidade a poda dos arbustos que invaden o dominio público, remitindo o mesmo na data 12/04/2023 co seguinte contido:

“A parcela lindeira coa estrada E.P. 2201, na marxe dereita do 0+300, pertence á Comunidade de Veciños da Urbanización Loureiral, localizada na rúa Loureiral, 44, e que segundo os datos que figuran no Catastro está formada polos titulares das fichas que se acompañan”.
(Achega 24 fichas catastrais)

Resultando.- Que con data 28/04/2023, e con fundamento nos artigos 4.1, letra c), da Lei 39/2015 e 76.1 da mesma Lei, emprazouse á citada Comunidade veciñal para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, remitindo, na data 12/05/2023, escrito de alegacións asinado por D. Alberto Viejo Puga na súa representación e no que se relata o seguinte:

Primera.- Que, sin perjuicio de que mis representados desconocen las circunstancias en que se produjo la colisión que ha dado origen a la presente reclamación, las señales verticales existentes en la carretera E.P. 2201 en la zona donde se sitúa la urbanización se encuentran sobre la acera (señal de circulación giratoria indicativa de la existencia de una glorieta que es la que, al parecer, resultó dañada), o en el arcén situado delante de la entrada peatonal a la urbanización (señalización de la existencia de un badén y un paso de peatones con limitación de la velocidad a 30 Km/h por dicha circunstancia), siendo ambas zonas sobre las que no está permitida la circulación de vehículos.

Se adjuntan fotografías de las señales, que se encuentran perfectamente visibles para los usuarios de la vía.

Por ello, desconociendo las circunstancias del siniestro, parece existir responsabilidad del conductor del vehículo en la producción del daño, y en ningún caso, responsabilidad de la Comunidad de Propietarios ni de esa Diputación.

Segunda.- Que, en cualquier caso, tratándose ambos lugares (acera y arcén) de zonas del dominio público viario, la responsabilidad en su conservación y mantenimiento corresponde a la administración titular de la vía, tal y como establece el art. 33 de la Ley 8/2013, de 28 de junio, de carreteras de Galicia, y art. 57 del Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor y Seguridad Vial.

Tercera.- La Comunidad de propietarios que represento me designa como representante ante ese organismo y para el presente procedimiento, para que se entiendan conmigo las sucesivas actuaciones.

Cuarta.- En todo caso se solicita vista del expediente, a ser posible mediante acceso telemático o remisión de las actuaciones administrativas practicadas desde la presentación de la reclamación patrimonial (inclida ésta) al correo electrónico indicado: alberto@vcc-abogados.com de copia comprimida de las mismas o enlace para su descarga.





Resultando.- Que con data 19/05/2023, remítense os documentos útiles obrantes no expediente, consistentes en: reclamación de responsabilidade patrimonial, informe da Policía Local de Baiona e informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación, remitindo D. Alberto Viejo Puga escrito de ampliación de alegacións na data 30/05/2023, que contén o seguinte:

Primera.- Consta acreditado en el informe elaborado por la Policía Local de Baiona por estos hechos, que la causa directa de la colisión del vehículo del reclamante contra la señal que indicaba la existencia de un resalto o badén en la vía fue su negligente colocación invadiendo el carril de circulación, tal y como figura reflejado en la fotografía nº 4 obrante en la página 5 de dicho informe.

Segunda.- Consta, igualmente acreditado, que la colocación de dicha señal era reciente en la fecha de los hechos, tanto porque así lo manifiesta expresamente el propio perjudicado (“La susodicha señal era reciente, dado que paso todos los días por allí y antes no estaba”), como igualmente los agentes de la Policía Local en las conclusiones de su informe al señalar que la responsabilidad recae en la Diputación de Pontevedra “entidad que ejecuta las obras de señalización de los reductores de velocidad recientemente implantados en el vial”.

Resulta, por tanto, que se procedió también, por parte de la titular de la vía, a la colocación de la señal en un lugar sin visibilidad y donde ya existía previamente la vegetación tras la que se instaló ocultándola parcialmente, por lo que en cualquier caso le corresponde a esa administración asumir las consecuencias de dicha actuación imprudente.

Tercera.- Tal y como consta en las fotografías aportadas por esta representación con su escrito de fecha 11 de mayo, en la actualidad la indicada señal se encuentra situada en otra zona donde el arcén es más ancho, delante de la entrada peatonal a la urbanización que represento, donde la misma es perfectamente visible y en ningún caso invade la vía.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo Xeral, agás no relativo á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido ás tardanzas nas emisións dos informes solicitados ou na cumprimentación de requirimentos.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcurrido o prazo de prescrición), descritos nos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos:

- O incidente ocorreu ás 13:30 horas, a plena luz do día.
- Segundo o relatado polo condutor do vehículo na súa instancia, pasa polo lugar todos os días.
- No informe do Servizo de Infraestruturas desta Deputación, de data 24/10/2022, recóllese que o sinal triangular ten unha medida en horizontal de 60 cm e se atopaba dentro da beiravía, sen invadir a calzada.



- A vexetación existente que tapaba o sinal no momento do sinistro procede dun predio particular, fóra do dominio público da estrada, invadindo ó mesmo, sendo a súa poda responsabilidade dos propietarios da parcela lindeira coa estrada.
- O sinal instalado fíxose expresamente a medida, para asegurar que a súa instalación quedaba en todo caso dentro da beiravía.
- A beiravía mide 0,85 m, sendo superior á medida do sinal vertical, que mide 0,60 m de ancho.
- Non hai constancia de sinistros similares no mesmo punto.

Considerando.- Que o condutor reconece pasar polo lugar todos os días e somentes nesta ocasión impactou co sinal de tráfico, polo que todo induce a pensar que se tratou dun despiste ou conducción desatenta, pois o citado sinal é visible dende o carril polo que circulaba D. Miguel Pardo Martínez.

Considerando.- Que o accidente prodúcese circulando cunha autocaravana, vehículo de grandes dimensións, que aconsella unha especial precaución e atención por parte do condutor da mesma, así segundo o recollido no artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, “todo condutor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A LAS MISMAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.

Pola súa banda, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos exprésase o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor como a los demás ocupantes del vehículo y al resto de usuarios de la vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente o temerario”.*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Artigo 132.1: *“...Todos los usuarios de las vías objeto de la Ley están obligados a obedecer las señales de la circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”.*

Considerando.- Que do estudo das fotografías recollidas no informe da Policía Local de Baiona despréndese que a medición realizada cunha liña vertical de puntos amarela sobre unha das fotografías (páx. 5 do informe), realízase sobre unha foto tomada desde o propio arcén, polo que semella que o sinal invade parcialmente dito arcén. Pola contra, se tomásemos como referencia a fotografía 2 (páx. 4) e trazamos esa mesma liña de puntos vertical dende o bordo do sinal, dita liña ven encadrarse dentro da liña exterior da calzada, é dicir, dentro do arcén, polo que, o que nunha fotografía (tomada dende unha determinada perspectiva), semella



invadir minimamente o carril, noutra vese ben ás claras que non ocorre así; sendo o sinal, en calquera caso, visible dende o carril polo que circulaba D. Miguel Pardo Martínez.

Considerando.- Que o artigo 38.5 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, recolle o seguinte:

Las personas propietarias de los terrenos, construcciones, establecimientos, instalaciones u otros bienes situados en las zonas de protección de las carreteras (...) están obligadas a conservarlos en las debidas condiciones de limpieza y seguridad para que no afecten al adecuado funcionamiento del servicio público viario, y deberán ejecutar las obras y actuaciones necesarias para mantenerlos en las debidas condiciones. Serán responsables de los daños y perjuicios causados por el incumplimiento de esta obligación.

Considerando.- Que a vexetación existente que tapaba o sinal no momento do sinistro procede dun predio particular, fóra do dominio público da estrada, invadindo ó mesmo, sendo a súa poda responsabilidade dos propietarios da parcela lindeira coa estrada.

Considerando.- Que non se produciron mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

25.32744.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-9212 ENTRE NOALLA E PRAIA DA LANZADA, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+224 (CONCELLO DE SANXENXO)”. (Expte.2021053208)

Antecedentes.

1.- O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (I.D.A.E) notificoulle á Deputación, o 24 de marzo de 2023, a Resolución de concesión definitiva dunha subvención por importe de 774.015,19 € (85% do custo proxectado) con destino á execución das obras de “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-9212 ENTRE NOALLA E PRAIA DA LANZADA, DENDE O P.K. 0+000 ATA O P.K. 1+224 (CONCELLO DE SANXENXO)”, ao amparo do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



2.- En virtude dun Convenio de colaboración subscrito entre a Deputación e o Concello de Sanxenxo o 14 de abril de 2021, con vixencia ata o 31.12.2022, as ditas obras financiase segundo se detalla no seguinte cadro:

Organismo	Achega	%	Aplicación
Deputación de Pontevedra	637.424,30 €	70	23/456.4530.612.02
Concello de Sanxenxo	273.181,84 €	30	Plan Concellos 2021
TOTAL	910.606,14 €	100	

Consideracións legais.

1ª Lexislación aplicable:

- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións de proxectos singulares locais de enerxía limpa en Concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeración e Reto demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

2ª Compatibilidade outras axudas sen superar o coste do proxecto.

De conformidade co disposto no artigo 3.1 do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeración e Reto demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, *“Estas axudas rexeranse, ademais de polo disposto neste real decreto e as resolucións de concesión, polo previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e supletoriamente polo previsto na lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”*.

A súa vez, o apartado 2 do artigo 5 do mencionado Real Decreto, menciona que *“As axudas reguladas neste real decreto serán compatibles con outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, que puideran ser outorgadas por calquera Administracións públicas ou organismos ou entes públicos, nacionais ou internacionais, sempre e cando non teñan o seu orixe nun fondo ou programa de axudas da Unión Europea, así como o importe da axuda ou subvención, illadamente ou en concorrencia con outros incentivos, non supere o coste do proxecto.*

A entidade solicitante deberá declarar as axudas ou subvencións que haxa solicitado, obtido ou cobrado para as actuacións obxecto das axudas previstas neste real decreto”.



Os apartados 1 e 4 do artigo 25, sobre os criterios de gradación do incumprimento de condicións, dispoñen que nos supostos de incumprimento parcial ou total das condicións establecidas nas resolucións de concesión, iníciase o procedemento para, de selo caso, a esixencia do reintegro ou a perda do dereito á percepción da axuda correspondente, en función da relevancia do incumprimento e que *“O incumprimento da obriga de comunicar a obtención de outras subvencións públicas ou axudas privadas será causa suficiente para a exixencia do reintegro ou perda do dereito á percepción da axuda outorgada, en función da contía da axuda obtida polo proxecto e non notificada ao IDAE (25.4)”*.

O artigo 14.1.d) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, dispón que son obrigas dos beneficiarios *“Comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención de outras subvenciones, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.*

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos”.

Conforme ao Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais aprobado polo Pleno da Deputación (acordos de 29 de xaneiro de 2016 e 25 de setembro de 2020) as *“actuacións de urbanización de vías provinciais serán cofinanciadas ao 70% pola Deputación e o 30% por cada Concello.../Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporcións, sempre que sexa posible en función das exixencias dos fondos”*.

A Intervención Xeral emitiu informe de fiscalización en data 23/05/2023 respecto da modificación do financiamento do proxecto CSV 1PUVDP4HCGMEEQR2.

Conforme ao sinalado no antedito informe de Intervención a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:
 1º.- Modificar o financiamento do proxecto de Mellora da Seguridade Viaria e Senda Peonil na EP-9212 entre Noalla e Praia da Lanzada, dende o p.k. 0+000 ata o p.k. 1+224 (*Concello de Sanxenxo*), quedando do seguinte xeito:

	PORCENTAXE	ACHEGAS
IDAE	85%	774.015,19 €
DEPUTACIÓN-CONCELLO SANXENXO	15%	136.590,95 €
TOTAL		910.606,14 €

Ao reducirse as achegas, tanto da Deputación en 541.810,64 €, como do Concello en 232.204,55 €, e mantendo os coeficientes de financiamento recollidos no convenio asinado e no Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais, aprobado por Acordo do Pleno en sesión celebrada o día 29 de xaneiro de 2016 e modificado polo Pleno do 25 de setembro de 2020, as novas achegas distribúese da seguinte forma:

Deputación Provincial, 70%	95.613,66 €
Concello de Sanxenxo, 30%	40.977,29 €
TOTAL achega	136.590,95 €

Estas reducións do financiamento recolleranse no proxecto de gasto deste investimento.

2º.- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Sanxenxo* e ao IDAE.



26.32745.- SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO Nº 3.31790 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 03/06/2022, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, LIÑA 1 (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DA PLANTA 2ª DA CASA DO CONCELLO PARA MUSEO DA AUGA” (Expte. 2022001583)

ANTECEDENTES

- Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.



- De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- En data 11/01/22 por rexistro WEB2022000847 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do Concello de MONDARIZ BALNEARIO na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 97.940,99 euros, con destino ao financiamento do investimento “ACONDICIONAMENTO DA PLANTA 2ª DA CASA DO CONCELLO PARA MUSEO DA AUGA”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	97.940,99 €	97.940,99 €	-----

- A concesión da subvención se fixo condicionada á obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Universidade. O concello debe modificar o proxecto polos condicionante esixidos por Patrimonio, e con data 28/03/2023 con rexistro WEB 2023021830 presentan solicitude de cambio de proxecto para cumprir cos requirimentos esixidos. Dita autorización xa está aportada no expediente, en data 02/05/2023 (con rexistro WEB2023029258), polo que a obra non ten ningún tipo de condicionante, emendado na data 31/05/2023 (con nº rexistro WEB2023035091)
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 04/05/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 04/05/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 01/06/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/06/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a substitución do proxecto técnico que rexerá a execución do investimento “ACONDICIONAMENTO DA PLANTA 2ª DA CASA DO CONCELLO PARA MUSEO DA AUGA” (Exp: 2022001583), cunha subvención por importe de 97.940,99 euros, e un orzamento polo mesmo importe. Aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2022-2023, poida ser realizado nos termos establecidos polo Concello.
- Manter os demais pronunciamentos da resolución de concesión mediante acordo de Xunta de Goberno 3.31790, de 3 de xuño de 2022, agás os referidos a necesidade da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que xa foi aportada ó expediente en data 02/05/2023 (con nº rexistro WEB2023029258).
- Visto que a entidade municipal por circunstancias que se xustifican e alleas a súa vontade, vese obrigada a substituír o proxecto orixinal para axustalo á autorización sectorial.



- Visto que o novo proxecto non altera o orzamento nin a finalidade pretendida , que se presenta antes de que remate o prazo de execución de xustificación das obras acollidas no Plan Concellos 2022-2023, e que co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- Visto que o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación emitiu en data 04/05/2023, un informe favorable de supervisión e control do documento técnico descritivo das actuacións a levar a cabo.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mondariz Balneario*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

27.32746.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 (ANUALIDADE 2023)– INVESTIMENTOS CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DE LA ESCUELA DE REDO PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO (FASE III)”, (Expte.2023006014)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por



compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios, 2022 e 2023, consonte á lexislación orzamentaria.
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 30/01/2023 por rexistro WEB2023004481 dentro do prazo fixado na convocatoria, emendada nas datas 25/05/2023 , 31/05/2023 , 01/06/2023 e 05/06/2023 (con número de rexistro WEB2023033978 , WEB2023035020 , WEB2023035463 e WEB2023036135 respectivamente), consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do Concello de MONDARIZ na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 67.351,70 euros, con destino ao financiamento do investimento “REFORMA DE LA ESCUELA DE REDO PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO (FASE III)”, cun orzamento de 278.626,94 euros e unha achega doutras administracións de 211.275,24 euros.
- A petición do Concello configúrase tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas €
2023	278.626,94€	67.351,70€ Porcentaxe :24,17%	211.275,24€

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 -Liña 1 (Anualidade 2023), e achega a documentación requirida.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 05/06/2023.



1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN EN CERNES DO CICLO DA AUGA

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 05/06/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 06/06/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/06/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mondariz*, CIF: P3603000E a cantidade de 67.351,70 euros con destino ao financiamento do investimento “REFORMA DE LA ESCUELA DE REDO PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO (FASE III)” (Exp. : 2023006014) cun orzamento de 278.626,94 euros e unha achega doutras administracións de 211.275,24 euros, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	278.626,94€	67.351,70€	211.275,24€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mondariz*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

28.32747.- DAR TRASLADO DA DECISIÓN DO XURADO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO, A NIVEL DE ANTEPROXECTO, PARA A “REHABILITACIÓN ARQUITECTÓNICA E AMPLIACIÓN DO RECINTO CONVENTUAL DE SANTA CLARA PARA USO DESTINADO AO MUSEO DE PONTEVEDRA E POSTERIOR ADXUDICACIÓN DO MESMO”.
 (Expte.2022068178)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 16 de decembro do 2022, aprobou o expediente para a adxudicación do *Concurso, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra*, xunto coas bases administrativas e técnicas reguladoras do procedemento. No mesmo acordo, dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de solicitudes de participación (fase 1) de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con datas 19 e 21 de decembro de 2022, respectivamente. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación as bases de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Con data 19 de xaneiro do 2023, procedeuse á apertura electrónica e cualificación dos sobres A, correspondentes ás solicitudes de participación, documentación administrativa e documentación acreditativa dos criterios de selección, presentados polos candidatos, resultando admitidos os seguintes:

	Candidatos concurso	NIF
1	ARANGUREN GALLEGOS ARQUITECTOS, S.L.P.	B83582718
2	ESTUDIO BAROZZI VEIGA, S.L.P.	B63956296
3	J. M. CARVALHO ARAÚJO, ARQUITECTURA E DESIGN, S.A.	503773263
4	DE LA PUERTA CAMPO ARQUITECTOS ASOCIADOS, S.L.P.	B87920807
5	ARQUITECTURA ENGUITA & LASSO DE LA VEGA, S.L.P.	B84984996
6	GARCÉS- DE SETA-BONET ARQUITECTES	B65643066
7	KAAN ARCHITECTEN B.V.	491711063
8	KENGO KUMA & ASSOCIATES	50384257700036
9	NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS SLP	B82410572
10	TUÑÓN Y ALBORNOZ ARQUITECTOS S.L.P.	B87809893
11	UTE AMANDA LEVETE ARCHITECTS- AYBAR MATEOS SLP	
	50% AMANDA LEVETE ARCHITECTS LIMITED	9150574
	50% AYBAR MATEOS SLP	B84958867



12	UTE BIG-NAOS-PROSKENE	
	40% BJARKE INGELS GROUP ARCHITECTURE SPAIN	B88236070
	40% NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.	B70058573
	20% PROSKENE, S.L.P.	B82805516
13	UTE DCA-CARLOS SEOANE	
	50% David Chipperfield Architects Santiago de Compostela SLU	B10705697
	30% Carlos SeoaneSL	B15666357
	20% David Chipperfield Architects-Gesellschaft von Architekten mbH	DE196586739
14	UTE CESAR PORTELA-CELSO LÓPEZ-JORGE SALGADO-MAGDALENA PORTELA	
	25% CESAR PORTELA, S.L.P.	B36441095
	25% CELSO LÓPEZ MARTÍN	
	25% JORGE SALGADO CORTIZAS	
	25% MAGDALENA-AROUSA PORTELA CAMPOS	
15	UTE CREUSECARRASCO-SERGISON BATES	
	50% CREUSECARRASCO arquitectos, S.L.P.	B70019310
	50% SERGISON BATES architects L.L.P.	GB691027342
16	UTE CRUZ Y ORTIZ-ULARGUI	
	60% CRUZ Y ORTIZ, ARQUITECTOS	B41768177
	40% Ulargui y Asociados Arquitectos SLP	B86660982
17	UTE FRADE LAMELA	
	50% Frade Arquitectos S.L.	B84504091
	50% Estudio Lamela S.L.P.	B80103732
18	UTE GVG-BARDAJÍ	
	50% GALAR – VÉLAZ – GIL SLP	B71304802
	50% Enrique Bardají y Asociados, S.L.	B82492687
19	UTE LINAZASORO-SÁNCHEZ-GRIJALBA	
	25% José Ignacio Linazasoro Rodríguez	15153841S
	25% Ricardo Sánchez González	50867016D
	25% Julio Grijalba Bengoetxea	12358222T
	25% Alberto Grijalba Bengoetxea	09281643Q
20	UTE MANGADO-BLASCO-QUINTÁNS	
	40% MANGADO Y ASOCIADOS, S.L.	B31489073
	40% BLASCO ESPARZA PAMPLONA S.LL.	B31855356
	20% Carlos Quintáns Eiras	33.256.074
21	UTE PAREDES PEDROSA-ABALO-ALONSO	
	50% Paredes Pedrosa Arquitectos SLP	B82853136
	25% Elizabeth Abalo Díaz	33287036X
	25% Gonzalo Alonso Núñez	32648360K
22	UTE SANTA CLARA CRBG	
	25% José Manuel Casabella López	33739549K
	25% José Luis Martínez Raído	76412777S
	25% Esteban Bonell Costa	37604257Q
	25% José María Gil Guitart	39010489M
23	UTE SNOHETTA OSLO-ALFONSO PENELA	
	Snohetta Oslo AS	995135485
	Alfonso Penela Fernández	35996893F



Con data 23 de decembro do 2022, os servizos dependentes do órgano de contratación trasladaron a documentación aos servizos técnicos do Museo de Pontevedra para que emitiran o correspondente informe de valoración, ao obxecto de seleccionar aos cinco candidatos que pasarán á seguinte fase, de acordo cos criterios obxectivos de selección establecidos na cláusula 12 das bases do concurso. Dito informe emítese con data 14 de febreiro do 2023 (CSV: 05ZH2CS112T99O6Y).

A Xunta de Goberno, mediante acordo do día 17 de febreiro do 2023, aproba o referido informe de valoración, e, en base ao mesmo, acorda o seguinte:

Empresas admitidas:

Orde	Candidatos admitidos
1º	NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS SLP
2º	KENGO KUMA & ASSOCIATES
3º	UTE DCA-CARLOS SEOANE
4º	KAAN ARCHITECTEN B.V.
5º	UTE SNOHETTA OSLO-ALFONSO PENELA
6º	UTE FRADE LAMELA
7º	UTE UTE BIG-NAOS-PROSKENE
8º	UTE CESAR PORTELA-CELSO LÓPEZ-JORGE SALGADO-MAGDALENA PORT
9º	UTE CRUZ Y ORTIZ-ULARGUI
10º	GARCÉS- DE SETA-BONET ARQUITECTES
11º	TUÑÓN Y ALBORNOZ ARQUITECTOS S.L.P.
12º	UTE MANGADO-BLASCO-QUINTÁNS
13º	ESTUDIO BAROZZI VEIGA, S.L.P.
14º	UTE PAREDES PEDROSA-ABALO-ALONSO
15º	UTE SANTA CLARA CRBG
16º	UTE CREUSECARRASCO-SERGISON BATES
17º	UTE GVG-BARDAJÍ

Empresas excluídas (*Motivo: non alcanzar a puntuación mínima de 51 puntos esixida na cláusula 12 das bases*):

Orde	Candidatos excluídos
18º	ARANGUREN GALLEGOS ARQUITECTOS S.L.P.
19º	J. M. CARVALHO ARAÚJO, ARQUITECTURA E DESIGN, SA
20º	UTE AMANDA LEVETE ARCHITECTS- AYBAR MATEOS SLP
21º	UTE LINAZASORO-SÁNCHEZ-GRIJALBA
22º	DE LA PUERTA CAMPO ARQUITECTOS ASOCIADOS, S.L.P.
23º	ARQUITECTURA ENGUITA & LASSO DE LA VEGA SLP

Candidatos seleccionados:

- NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS SLP
- KENGO KUMA & ASSOCIATES
- UTE DCA-CARLOS SEOANE
- KAAAN ARCHITECTEN B.V.
- UTE SNOHETTA OSLO-ALFONSO PENELA



No mesmo acordo, invita aos cinco candidatos seleccionados a presentar, baixo lema e anonimato, as súas propostas de proxecto no tempo, forma e lugar establecidos na cláusula 13 das bases administrativas reguladoras do concurso (fase 2).

Para a preparación das propostas, os candidatos realizaron visitas técnicas ao complexo de Santa Clara, e tiveron acceso ao Documento Base e a documentación técnica complementaria previstos na cláusula 9.2 das bases do concurso.

Rematado o prazo de presentación de propostas, con data 29 de maio do 2023, constitúese o Xurado, que procede á apertura dos sobres “B”, correspondente ás “Propostas de proxecto: memoria e paneis”, presentados, baixo lema e anonimato, polos cinco candidatos seleccionados.

O Xurado, despois das reunións de traballo celebradas os días 5, 6 e 7 de xuño do 2023, para a deliberación e valoración da referida documentación conforme aos criterios obxectivos establecidos ao efecto na cláusula 15 das bases do concurso, emite ditame de valoración con data 7 de xuño do 2023 (CSV: ICJYCVT8IWS51ADD), que conclúe o seguinte:

“Verbas da pedra responde de xeito sobresaínte ao desafío de transformar un recinto con vocación de illamento da escena urbana nun lugar público. Un espazo complexo no que o arquitectónico se une intimamente á construción dunha paisaxe que funde o produtivo co contemplativo. A proposta pon en valor todo o preexistente a través da restauración, acollendo novos usos para atender as novas necesidades de estudo e conservación da nosa historia facéndoas partícipes da vida da cidade, abríndose e incorporando os espazos de bosque e pomar aos lugares de estudo e traballo.

A solución proposta ábrese con rotundidade e claridade á cidade polo sur, desvelando o privado ao público. Cun sutil exercicio pouso o futuro do Museo sobre o espazo claustral, que se converte en centro e punto de partida dun deambular polas pandas do convento para desvelar de modo secuencial ou gradual os diversos espazos e novas áreas de actividade. A proposta resolve de maneira brillante, os retos existentes de, mantendo a idea icónica de recinto conventual, incorporar as novas necesidades do Museo.

A proposta responde dun xeito excelente ao programa requirido polo Museo atendendo a todas as necesidades contempladas no Documento base, aportando unha lúcida reflexión sobre cuestións como a capacidade de almacenamento e crecemento da colección, ou a flexibilidade dos espazos expositivos. Así mesmo aborda cuestións importantes como o tratamento pormenorizado para a igrexa e o tratamento dos bens mobles.

Os inicios propón outra das posible vías de actuación ante a necesaria intervención no complexo conventual, completando un conxunto expectante cunha arquitectura contemporánea que restitúe a súa percepción pechada. A pegada do complexo museal proposto péchase sobre si mesmo nunha coherencia compacta que integra de xeito harmonizado o existente e o novo. O xurado valora moi positivamente a capacidade desta arquitectura contemporánea para aportar unha solución de convivencia equilibrada a través dun volume rotundo e monomático de gran plasticidade que dialoga co convento medieval. Desta maneira consegue aportar o que, seguramente, nunca chegou a ser, propondo espazos interiores de enorme calidade que dialogan sutilmente. A súa proposta programática, aínda que clara e funcional, conleva o sacrificio dalgún espazo de significancia patrimonial dentro do complexo e dunha parte considerable do espazo expositivo contemplado no programa. O tratamento dos espazos verdes bebe da inspiración do Pai Sarmiento e amosa un gran coñecemento e sensibilidade cara ao patrimonio natural.

Abrente dá un valor singular ás preexistencias e á súa acumulación ao longo de oito séculos con actuacións que inciden sobre un tempo detido, que amosan unha especial sensibilidade co tratamento do espazo orixinal. Parte dunha lectura detallada da evolución e transformación do territorio no que se empra o complexo conventual, o que lle invita a reforzar e enfatizar



o papel nuclear da rúa Santa Clara na configuración dos accesos e percorridos a través do complexo. Este posicionamento, un dos posibles para achegarse á realidade do complexo conventual, prima o carácter e atmosfera do actualmente existente, o que leva a condicionar os usos museísticos en determinados ámbitos das preexistencias ao confinar, por exemplo, a climatización a espazos puntuais do denominado edificio oeste e edificio barroco. A referida postura conduce a implantar a nova edificación no extremo oeste da parcela, limitando a incidencia sobre a paisaxe.

Piedra y madera parte dunha evidente intención de conectar a rúa de Santa Clara coa Praza de Barcelos. Por elo ofrece unha lixeira cuberta de madeira, executada cunha técnica contemporánea que contrasta coa materialidade do granito, un fío condutor que zigzaguea a través da parcela entrelazando diferentes edificios e espazos exteriores. En certa medida, suma, á condición de lugar do complexo a potenciación do tránsito interno e externo de conexión entre diferentes espazos urbanos que cosen e conectan a cidade vella coa nova. O xurado valora positivamente a proposta de liberar a ábsida da igrexa para facilitar a súa lexibilidade e a súa integración na rúa. Desde o punto de vista programático evidénciase unha significativa redución dos espazos requiridos para as necesidades expositivas do museo. Así mesmo, o xurado considera que a proposta altera sensiblemente a atmosfera do conxunto exterior na área oriental do complexo, xa que as cubertas do espazo arqueolóxico implantan unha paisaxe totalmente allea á existente.

Revelación centra e confía a súa proposta a un volume pechado que restitúe a arquitectura conventual inacabada, que articula todo o seu programa interiormente a partir dunha metáfora que se constrúe sobre o papel do velo conventual. A tectónica desta nova cuberta pretende reunir e valorar a complexidade diversa dun conxunto edificado durante 750 anos. Non obstante, o xurado considera que a solución ofrecida non consegue un diálogo frutífero cos edificios existentes. Enténdese que, a diferenza doutras propostas coas que comparte conceptualmente a decisión de pechar un recinto, a solución de facer permeable a fachada acaba por fragmentar un conxunto unitario nunha suma de partes illadas.

Dado que todos aos concursantes acadaron a puntuación mínima de 60 puntos establecidos para superar esta fase, o xurado, por unanimidade, emite o seguinte fallo:

- 1. Se declara como gañador do concurso de anteprojectos á proposta Verbas da pedra.*
- 2. Se conceden os catro accésits contemplados nas bases da convocatoria ao resto das propostas.”*

A continuación, na reunión do día 7 de xuño do 2023, o Xurado, conforme aos resultados do devandito ditame, acorda emitir o correspondente fallo, e procede á apertura dos sobres C, para a identificación dos autores, do que resulta o seguinte:

	LEMA	AUTOR/ES	NIF
PRIMEIRO PREMIO	VERBAS DA PEDRA	NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS, S.L.P.	B82410572
ACCÉSITS:	PIEDRA Y MADERA	KENGO KUMA & ASSOCIATES	50384257700036
	OS INICIOS	KAAN ARCHITECTEN BV	491711063
	ABRENTE	UTE DCA-CARLOS SEOANE: 50% David Chipperfield Architects Santiago de Compostela SLU 30% Carlos SeoaneSL 20% David Chipperfield Architects-Gesellschaft von Architekten mbH	B10705697
			B15666357 DE196586739
REVELACIÓN	UTE SNOHETTA OSLO-ALFONSO PENELA: Snøhetta Oslo AS Alfonso Penela Fernández	995135485 35996893F	



Na mesma sesión acorda trasladar a documentación aos servizos dependentes do órgano de contratación para que procedan á cualificación da documentación acreditativa da capacidade e solvencia dos/as concursantes, e trasladar o resultado ao órgano de contratación para que proceda á adxudicación do concurso e á concesión dos premios e accésits.

Visto o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia dos/as concursantes.

Tendo en conta o artigo 187 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal, unha vez que o xurado houbera adoptado unha decisión, dará traslado da mesma ao órgano de contratación para que este proceda á adxudicación do concurso de proxectos ao participante indicado polo primeiro. Os premios e os pagamentos que, no seu caso, establecéranse nas bases do concurso, abonaranse de conformidade co establecido no artigo 198, contándose os prazos fixados nel a partir de que a adxudicación sexa notificada.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar o Concurso, a nivel de anteprojecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra a NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS, S.L.P. (CIF: B82410572), autor da proposta gañadora “VERBAS DA PEDRA”.

A Deputación, de acordo á consignación orzamentaria e cando dispoña dos fondos necesarios para iso, poderá a futuro, proceder a adxudicar o correspondente contrato de servizos de redacción do proxecto e dirección de obra ao autor da proposta gañadora mediante un procedemento de contratación posterior.

A eventual contratación destes traballos profesionais ao autor da proposta gañadora, en tanto que supón a continuidade do presente concurso, realizarase polo procedemento negociado sen publicidade, segundo o previsto no artigo 168.d) LCSP.

O proceso de negociación versará sobre o importe económico do servizo segundo os orzamentos orientativos dos traballos que integran o obxecto do citado contrato. No suposto de non alcanzarse acordo co primeiro concursante clasificado, ou de que se comprobe que este candidato non cumpra as solvencias legalmente esixidas, poderase negociar de maneira consecutiva cos seguintes clasificados.



2. Conceder os seguintes premios e accésits aos autores das propostas presentadas no Concurso, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra:

PREMIO	LEMA	AUTOR/ES	NIF	Importe sen IVE	IVE (21%)	Total
PRIMEIRO PREMIO	VERBAS DA PEDRA	NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS, S.L.P.	B82410572	50.000,00 €	10.500,00 €	60.500,00 €
ACCÉSITS:	PIEDRA Y MADERA	KENGO KUMA & ASSOCIATES	50384257700036	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	OS INICIOS	KAAN ARCHITECTEN BV	491711063	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	ABRENTE	UTE DCA-CARLOS SEOANE: 50% David Chipperfield Architects Santiago de Compostela SLU 30% Carlos SeoaneSL 20% David Chipperfield Architects-Gesellschaft von Architekten mbH	B10705697 B15666357 DE196586739	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
	REVELACIÓN	UTE SNOHETTA OSLO-ALFONSO PENELA: Snøhetta Oslo AS Alfonso Penela Fernández	995135485 35996893F	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €

O importe do primeiro premio ten o carácter de pagamento a conta e deducirase dos honorarios totais, no caso que posteriormente a Deputación adxudique ao gañador do concurso o contrato de servizos. O mesmo carácter terán o resto de premios ou accésits, no caso de que, por renuncia ou falta de capacidade ou solvencia do primeiro ou sucesivos, resultasen adxudicatarios do contrato.

Os premios abonaranse con cargo á aplicación 23/333.3330.632.01 do vixente orzamento provincial, dentro dos trinta días seguintes á data de notificación da adxudicación, nos termos establecidos no artigo 198.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura:

As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Nº de exp.:	2022068178	
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



29.32748.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

30.32749.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Vicepresidente, sendo as once horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina Sr. Vicepresidente, comigo, o Secretario que dou fe.

